

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.

O Decreto 442/1990, do 13 de setembro, establece o procedemento que se deberá seguir para que os proxectos que se recollen no anexo do citado decreto se sometan preceptivamente a estudo de impacto ambiental e posteriormente, logo dun período de información pública, se realice polo órgano ambiental a declaración na que se recollan as medidas proteccionistas ambientais e mailo programa de control e vixilancia ambiental que cumprirá adoptar tanto na fase de construción como na de aplicación e desenvolvemento do proxecto.

A experiencia acumulada durante este tempo na tramitación das declaracións de impactos ambientais de proxectos comprendidos no anexo do Decreto 442/1990 demostrou que o procedemento é adecuado pero insuficiente, ó non se recollen unha serie de actividades e proxectos que están comprendidos nas lexislacións sectoriais específicas da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado español para as que se indica a necesidade, obrigatoriedade ou recomendación da realización de estudos ambientais.

Para conseguilo adecuado grao de protección ambiental que esixe o cumprimento do mandato contido no artigo 45 da Constitución española, e en uso das competencias que lle outorga a Constitución e mailo Estatuto de autonomía de Galicia para dictar normas adicionais de protección do ambiente, precísase dictar unha disposición que abrangas as actividades e proxectos que se recollen nas lexislacións sectoriais anteriormente indicadas e que poden causar notables estragos no medio ambiente se non se dispoñen previamente as medidas protectoras e de vixilancia ambiental oportunas.

En cumprimento da Directiva 85/337/CEE e da lexislación básica do Estado español relativa á materia contida no Real decreto lexislativo 1.302/1986, do 28 de xuño, este decreto debe garantir a información pública do estudo de efectos ambientais sometido á declaración preceptiva.

Co fin de acadar unha adecuada eficacia na tramitación administrativa dos proxectos afectados por este decreto e sen prexuízo de alcanza-la necesaria protección do medio ambiente, dispónse dun procedemento máis simplificado do que se recolle no Decreto 442/1990, pola singularidade, dimensións e efectos ambientais que producen no medio ambiente os proxectos de obras, instalacións e actividades reguladas pola presente disposición.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, co informe previo da Consellería de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de outubro de mil novecentos noventa e un,

DISPOÑO:

Artigo 1º —Obxecto.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatorio someter á avaliación de efectos ambientais tódolos proxectos, públicos ou privados, de execución de obras, instalacións ou calquera outra actividade prevista nas diferentes lexislacións sectoriais, tanto da Comunidade Autónoma de Galicia como do Estado, que precisen ou prevexan a necesidade da realización dun estudo ambiental e non estean abranguidos no anexo do Decreto 442/1990, así como as modificacións ou ampliacións de proxectos que figuren no anexo do Decreto 442/1990 e o proxecto inicial das cales fose obxecto de declaración.

Artigo 2º —Procedemento para a declaración de efectos ambientais.

1.—Presentación do estudo de efectos ambientais.

Todo proxecto considerado no artigo primeiro do presente decreto deberá incluír un estudo de efectos ambientais, para efectos do cal o promotor presentará perante a Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente cinco exemplares do dito estudo, xuntando unha copia do proxecto de execución de obras, instalacións e/ou de actividades.

2.—Contido do estudo de efectos ambientais.

O estudo de efectos ambientais deberá constar como mínimo dos seguintes apartados:

a) Descrición do proxecto.

a.1) De xeito resumido e esquemático, identificación e características técnicas do proxecto, xuntando mapas a escala 1:50.000 do proxecto e das zonas afectadas por el.

a.2) Descrición resumida dos materiais que se van utilizar, características do solo que se vai ocupar e outros recursos naturais que se utilizarán ou quedarán afectados pola execución do proxecto.

b) Efectos ambientais.

b.1) Relación detallada das accións proxectadas que sexan susceptibles de producir un efecto sobre o medio, tanto na fase de realización das obras como na de funcionamento das instalacións.

b.2) Relación detallada, e se é o caso, dos tipos, cantidades e composición dos vertidos, emisións, residuos ou calquera outro elemento contaminante que poida xerarse coa execución do proxecto, tanto na fase de construción como na de explotación ou funcionamento, xa sexa a correspondente actividade contaminante de carácter temporal ou permanente.

c) Inventario ambiental.

Comprende un estudo ambiental da zona na que se pretende levar a cabo a realización do proxecto, antes do comezo das obras, con incorporación dun inventario e dun censo ambiental da zona afectada polo proxecto.

d) Avaliación dos efectos ambientais.

d.1) Descrición detallada dos efectos ambientais causados pola execución do proxecto, tanto na fase de construción como na de explotación do proxecto e o seu abandono.

d.2) Valoración dos efectos ambientais, utilizando métodos e procedementos de cálculo de uso normalizado e contrastado cientificamente. No seu defecto realizárase conforme o disposto no artigo 30, apartado e) do Decreto 442/1990.

d.3) Estudo comparativo da situación ambiental actual e futura, que reflectirá as vantaxes e desvantaxes ambientais que se poidan derivar da execución do proxecto.

e) Establecemento de medidas protectoras e correctoras ambientais, tanto nas fases de construción e de explotación do proxecto como nas de abandono.

f) Establecemento do programa de vixilancia ambiental.

3.—Instrucción do procedemento.

Recibida a documentación indicada nos puntos anteriores, a Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente, no caso de o considerar necesario, solicitará informes ás consellerías, ós servizos técnicos e ponencias técnicas das Comisións Provinciais de Medio Ambiente e ós organismos e institucións competentes por razón da materia.

Unha vez evacuadas as consultas, se é o caso, daráselle traslado delas ó promotor, para efectos de que realice as correspondentes correccións no estudo de efectos ambientais.

4.—Información pública.

O órgano ambiental someterá o estudo de efectos ambientais ó trámite de información pública, durante quince días hábiles, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo o estudo de efectos ambientais exporase ó público por igual prazo nas oficinas das Comisións Provinciais de Medio Ambiente e mais dos concellos afectados pola actividade proxectada.

5.—Declaración de efectos ambientais.

Finalizado o período de información pública, daráselle traslado do expediente ó órgano ambiental, que formulará no prazo de trinta días a declaración de efectos ambientais, na que se pronunciará, para os sóos efectos ambientais, sobre a conveniencia ou non de realizalo proxecto, e en caso afirmativo fixará as condicións nas que debe realizarse.

A declaración de efectos ambientais, unha vez formulada polo órgano ambiental, seralle remitida pola Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente ó órgano substantivo, que será a consellería ou o órgano da Administración competente, de acordo coa normativa vixente, para dicta-la resolución administrativa de autorización do proxecto.

Na indicada resolución preceptivamente deberán incluírse as prescricións e consideracións que se indiquen na declaración de efectos ambientais.

6.—Información previa ó promotor.

Co obxecto de facilita-la elaboración do estudo de efectos ambientais, o promotor poderá solicitar información ou consulta-la documentación dispoñible na Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente.

Artigo 3º —Vixilancia e responsabilidade.

O órgano substantivo exercerá as seguintes funcións:

1.—Realiza-las comprobacións necesarias e solicita-la documentación e información que se precise para o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de efectos ambientais e das condicións impostas ó exercicio da correspondente actividade. O órgano substantivo, cando non dispoña de medios abondos, poderá contratar, conforme o regulado na lexislación contractual, a colaboración de entidades e empresas de inspección e control debidamente autorizadas para realizar tal función en Galicia.

2.—Acorda-la suspensión parcial ou total da execución dos proxectos de obras e instalacións ou da actividade, en caso de funcionamento, cando non se cumpran os requisitos establecidos na resolución de autorización administrativa e na declaración de efectos ambientais, esixirle ó promotor a restauración do medio ambiente deteriorado, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

No caso de que, aínda axustándose ós requisitos establecidos na declaración, o órgano substantivo comprobe que existen efectos ambientais non contemplados na declaración, ordenará a paralización temporal das obras e a realización dun estudo complementario sobre os susoditos efectos.

Artigo 4º —Ampliación de prazos.

Cando pola complexidade, magnitude ou singularidade do proxecto cumpra unha ampliación dos prazos, o órgano ambiental, a pedimento da Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente, poderá acordar tal ampliación, a cal se lle notificará ó promotor.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.—

Para os efectos deste decreto, o órgano administrativo ó que se refire o artigo 5 do Real decreto legislativo 1.302/1988 será a Comisión Galega de Medio Ambiente da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Segunda.—

Corresponderanlle á Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente as funcións de tramitación dos expedientes de estudos de efectos ambientais, así como

a elaboración dos proxectos de declaracións dos ditos efectos e dos informes técnicos que a Comisión requira.

Terceira.—

Para o desenvolvemento material das funcións encomendadas á Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente, por este decreto créase unha unidade técnica, con rango de servizo, que dependerá funcional e organicamente da Secretaría Xeral.

Cuarta.—

Disporase dun libro de rexistro no que se recollerán todas as actuacións e trámites administrativos de cada un dos proxectos sometidos a declaración de efectos ambientais.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—

Para o non previsto neste decreto serán de aplicación supletoria o Decreto 442/1990 e mailo Real decreto 1.131/1988.

Segunda.—

Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dictar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Terceira.—

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de outubro de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente
Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Consellería de Sanidade

Corrección de erros.—Orde do 10 de setembro de 1991 pola que se crea o comité asesor para utilización terapéutica da hormona de crecemento e substancias relacionadas.

Advertido erro no texto da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 190, do 2 de outubro de 1991, procede efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 8.253, primeira columna, onde di: «Artigo 10. A presente resolución entrará en vigor a partir do día...», debe dicir: «Artigo 10. A presente orde entrará en vigor a partir do día...».

Corrección de erros.—Orde do 10 de setembro de 1991 pola que se crea o comité asesor para a utilización terapéutica da eritropoietina.

Advertido erro no texto da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 190, do 2 de outubro de 1991, procede efectuar a oportuna corrección:

—Na páxina 8.254, primeira columna, onde di: «7.—Comunicarlle á dirección xeral, o nomeamento de... se fosen necesarios», debe dicir: «7.—Comunicarlle á Dirección Xeral do Servizo Galego de Saúde, aqueles problemas ou necesidades que, segundo o seu entender, requiran un estudo ou unha actuación por parte do Servizo Galego da Saúde ou da Consellería de Sa-
le».

—Na páxina 8.254, segunda columna, onde di: «Artigo 9º. A presente resolución entrará en vigor a partir do día...», debe dicir: «Artigo 9º. A presente orde entrará en vigor a partir do día...».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 328/1991, do 4 de outubro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Pontevedra, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de estrada A Cañiza-Arbo.

A Deputación de Pontevedra en sesión celebrada o día 14 de decembro de 1990 aprobou o proxecto de estrada A Cañiza-Arbo e na sesión do 30 de novembro de 1990 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración da urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A competencia para a declaración da urxente ocupación estalle atribuída á Xunta de Galicia polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e pola alínea B) 4.3 do anexo I ó Real decreto 3.037/1982 do 24 de xullo.

Considérase urxente a execución do mencionado proxecto técnico por tratarse de obras incluídas no Plan Transfronteirizo, exercicio 1990.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día catro de outubro de mil novecentos noventa e un,